SEREI QUEN DE CREAR A MIÑA PROPIA MÚSICA?: MICROUNIDADES PARA A CREACIÓN MUSICAL CO LINUX MULTI-MEDIA STUDIO (LMMS)

CUESTIÓNS DIDÁCTICAS: PROPOSTA DIDÁCTICA

NIVEL AVANZADO

MELLORANDO OS NOSOS TRABALLOS COAS UTILIDADES AVANZADAS DO LMMS

JORGE J. SUÁREZ NAVIA

-Xuño 2017-

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Servizo de Formación do Profesorado
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
licenzas.fprofe@edu.xunta.es

CC BY SA

ÍNDICE

1. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA ENFOCAR A ENSINANZA E A AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DE CONTIDOS DO NIVEL AVANZADO

1.1. ORGANIZACIÓN DOS VIDEOTITORIAIS

1.2. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA CADA UN DOS EPÍGRAFES

1.2.1. UTILIDADES TRABALLADAS NOS VIDEOTITORIAIS DOS EPÍGRAFES 1º A 7º DO ÍNDICE DO NIVEL AVANZADO (15 VIDEOTITORIAIS)

1.2.2. UTILIDADES TRABALLADAS NOS VIDEOTITORIAIS DO EPÍGRAFE 8 DO NIVEL AVANZADO (02 VIDEOTITORIAIS)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Servizo de Formación do Profesorado
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
licenzas.fprofe@edu.xunta.es

BY SA

1. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA ENFOCAR A ENSINANZA E A AVALIACIÓN DA ADQUISICIÓN DE CONTIDOS DO NIVEL AVANZADO

1.1. ORGANIZACIÓN DOS VIDEOTITORIAIS DO NIVEL AVANZADO

Este Nivel Avanzado non agrupa xa os videotitoriais por bloques de contidos senón que aparece todo como un continuo na procura de que vaiamos coñecendo e que nos mergullemos no manexo das ferramentas que han de darlle un salto de cualidade importante ás nosas composicións: sobre todo, existen para mellorar o parámetro musical do son, para que o personalicemos e poidamos engrandecer o noso imaxinario sonoro ó ampliar as nosas posibilidades con infinitos bancos de sons que recrearemos, modificaremos, aplicarémoslles filtros, efectos...

Coas utilidades traballadas no Nivel Medio (Editor de ritmos e liña de baixo, Piano Roll ou Pianola e Editor de canción) propuxemos xa ó noso alumnado poñer en práctica e sobre a práctica moita da información adquirida no Nivel Inicial e moitos do coñecementos que deberan ter ido acumulando alumnos e alumnas durante tanto tempo: aspectos de ritmo, melodía, harmonía e texturas e un primeiro achegamento ó timbre musical. Agora, coas utilidades que propoñemos, vimos a aumentar as opcións do aspecto tímbrico, elevando máis que exponencialmente as posibilidades de alumnos e alumnas en pleno proceso creativo.

Polo tanto, calquera proposta metodolóxica que fagamos deberá continuar sendo eminentemente práctica, deberá continuar estimulando ó noso alumnado na creación musical con todas as implicacións que iso trae consigo: manexar e decidir sobre ritmos, melodías, harmonías, texturas e timbres.

E finalmente, os dous últimos videotitoriais agrupados no punto 8 e referidos a temas de audio, permitirannos entender as posibilidades de traer ós nosos proxectos músicas xa creadas pero, e sobre todo, como facer para que poidamos escoitar as nosas creacións nos nosos reprodutores habituais.

Unha aclaración que consideramos máis que necesaria xa neste momento: estamos a propoñer un traballo competencial, enfocado á realización de actividades

integradas, na procura de produtos finais… e por iso é preciso entender que os ritmos individuais son distintos e as posibilidades e intereses do noso alumnado tamén. Isto faise moito máis notorio cando nos enfrontemos ó deseño do traballo con este material do Nivel Avanzado. Pero, e en todo caso é o que queremos deixar claramente sinalado, enfocar a nosa docencia deste xeito permite perfectamente estar a traballar ó mesmo tempo respectando os distintos niveis de aprendizaxe do noso alumnado: en definitiva, atender ás súas necesidades, posibilidades, demandas e realidades.

1.2. PROPOSTAS METODOLÓXICAS PARA CADA UN DOS EPÍGRAFES

1.2.1. UTILIDADES TRABALLADAS NOS VIDEOTITORIAIS DOS EPÍGRAFES 1º A 7º DO ÍNDICE DO NIVEL AVANZADO (15 VIDEOTITORIAIS)

A filosofía da estrutura destes puntos adoita ser a de dar a coñecer, primeiro e en xeral, a aplicación e logo afondar nela: aínda que sen resultar norma, por pares atoparíamos un videotitorial algo máis teórico e outro enfocado a un uso eminentemente práctico da utilidade; mais sen facer disto unha regra ineludible, xa que da lectura do propio índice resulta evidente que non é así.

O xeito de traballar con estas ferramentas si que vai ser máis complicado se o que queremos é levar a todo o grupo ó unísono. É moi probable que haxa que desbotar xa neste momento esta posibilidade, habida conta de que os ritmos de aprendizaxe, intereses, motivacións... de nenos e nenas van ser distintos chegados a este momento de evolución na aprendizaxe sobre este programa: os máis competentes, motivados, interesados, mellor formados nos parámetros musicais... han chegar a este momento e han seguir avanzando; pero aqueloutros/as que xa non abordaron coa motivación precisa o nivel anterior ou non acadaron a competencia esperada e que ademais non teñen os coñecementos musicais precisos, entón é moi posible que non cheguen a afondar nestas ferramentas.

Polo tanto, será cada docente vendo as súas posibilidades e a súa realidade na aula, quen decida se avanzar ou non, determinando ritmos e obxectivos. Sexa dun xeito ou doutro, o que si que hai que ter claro é que o enfoque dado nos niveis

Inicial e Medio, o xeito que tivemos de traballar antes, ten que valernos tamén agora neste Nivel Avanzado.

Todos estes videotitoriais permiten continuar avanzando no manexo técnico do LMMS. Segundo consideración do/a docente, poderanse expoñer a toda a clase en conxunto (parece dubidoso, *a priori*) ou indicarlle a cada alumno, segundo o seu nivel de consecución e momento de aprendizaxe, que vaia vendo un ou outro coas oportunas aclaracións individualizadas do/a docente. O que si que está claro é que agora xurdirán moitas dúbidas, haberá utilidades que non funcionen todo o ben que deberan ou dean problemas e por iso nós, profesores e profesoras, teremos que ir un paso por diante na formación respecto do LMMS.

En último caso a proposta é clara: que cada alumno/a vaia incorporando estas utilidades a medida que vai mellorando no seu desempeño e sempre coa idea da procura dun mellor resultado.

1.2.2. UTILIDADES TRABALLADAS NOS VIDEOTITORIAIS DO EPÍGRAFE 8 DO NIVEL AVANZADO (02 VIDEOTITORIAIS)

Englóbanse neste pequeno apartado dous videotitoriais ós que lles teremos que dar distinta validez, distinta importancia.

VIDEOTITORIAL 8.1.:

Traballa a incorporación de audio externo e alleo ó programa, ó noso proxecto: cancións, gravacións de voz… Dependendo do caso, darémoslle unha maior ou unha menor importancia:

- se o noso alumnado non ten adquirida excesiva destreza no uso do LMMS parece evidente que pouco poderá avanzar empregando audio externo, sobre todo porque non é un programa especialmente pensado para isto
- se temos pensado realizar as nosas actividades de ensamblaxe de todo o material nun editor de audio tipo Audacity, tampouco teñen excesivo interese este traballos

Non obstante, as posibilidades son varias e incluso permite distintos xogos, como ben se amosa no videotitorial específico. E sobre todo, para aquel alumnado máis avantaxado, parece evidente que as posibilidades son máis que interesantes.

Por todas estas cuestións, será o docente o que teña que indicar ó alumnado que han de facer con esta utilidade: se empregala ou non e, de facelo, como abordar o traballo, ata onde afondar… Non obstante, si que consideramos preciso traballar estas cuestións co alumnado máis avanzado dun xeito específico.

VIDEOTITORIAL 8.2.:

Esta si que é unha cuestión importante, por canto propoñemos desta volta transformar o noso proxecto nun arquivo de audio que poidamos escoitar nos nosos reprodutores habituais.

En si mesmos, os nosos proxectos non son nin máis nin menos que unha especie de "mapas" cos que lle estamos a indicar ó programa que faga tal cousa ou deixe de facer tal outra nun determinado momento, pero nada máis. Precisamos transformar iso que estivemos a facer en algo máis "real e tanxible" ou polo menos que o poidamos empregar noutras contornas e, sobre todo, que o poidamos compartir.

Por todo isto, consideramos esta aprendizaxe de vital importancia para que as nosas creacións cobren a vida final que precisan: **nenos e nenas deberan ter moi claras as aprendizaxes que se pretenden facer chegar con este videotitorial.**

Propoñemos que o/a profesor/a indique ó alumnado que ó final do seu traballo, ten que facer chegar o seu proxecto ademais de nun formato .mmp ou .mmpz (propios do LMMS) nun dos formatos de exportación de audio do programa: o .ogg ou o .wav.

E chegado o caso, estaría ben ensinarlle, xa daquela, a facer a conversión destes últimos en arquivos cun formato máis habitual para eles (por exemplo, o .mp3) pero empregando xa outras aplicacións. Tamén, se alguén o considera interesante, pensamos que sería un bo momento para adicarlle certo tempo ó traballo cos distintos formatos de audio, o porqué dun uso ou doutro, os máis ou menos habituais, que ferramentas empregar para a súa conversión...